

**REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO**

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 31/01/2020 12:58:26

**SAIDA 1441/20**




Reclamante: 


Expediente. Nº **RSCTG 168/2019**

Correo electrónico:

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vista á reclamación presentada por , mediante escrito do 21 de novembro de 2019, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 28 de xaneiro de 2020, adopta a seguinte resolución:

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.**  presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 21 de novembro de 2019, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a Resolución da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda do 22 de outubro de 2019, pola que se estima parcialmente a súa solicitude de acceso aos expedientes administrativos correspondentes ao inicio, tramitación e posterior resolución da Orde do 17 de novembro de 2017, pola que se anuncia a convocatoria para provisión, polo sistema de libre designación, de dous postos de traballo vacantes no Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde da mesma data, pola que se convoca o proceso para seleccionar o/a presidente/a do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

O reclamante indicaba que presentou a súa candidatura ás dúas vogalías convocadas pola referida Orde, convocatoria que finalizou por Resolución do 16 de febreiro de 2018, da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda, pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 8 de febreiro de 2018 polo que se nomean vogais do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Na resolucións non se atopa ningún tipo de información relativa ás candidaturas presentadas para cubrir ditas prazas nin ao proceso ou procedemento de selección que finalmente deu lugar á proposta das candidaturas realizada polos responsables da Consellería de Facenda ao Consello da Xunta de Galicia.

Na información facilitada dende a Xunta de Galicia aos medios de comunicación sobre o Consello da Xunta de Galicia no que se tomou o acordo polo que se procedeu ao nomeamento das persoas que ían a ocupar a presidencia e as vogalías do Tribunal se omite a referencia a que nas bases das ditas convocatorias se establecía que tamén se valorarían os méritos recollidos no artigo 35 ter da Lei 14/2013, do 26 de decembre, de racionalización do sector público autonómico, é dicir, a valoración de experiencia profesional no ámbito da contratación pública.

A vista das dúbidas razoables de que o procedemento para cubrir as prazas do Tribunal Administrativo de Contratación Pública lle suscitaba, formulou solicitude de acceso ao contido dos expedientes, co obxecto de verificar que na tramitación e resolución dos devanditos procesos de selección de persoal, se cumpriran os principios básicos recollidos na normativa de aplicación aos procedementos de selección de persoal aos que, con carácter xeral, débense de axustar as Administracións Públicas, así como o cumprimento daqueles que debían terse en conta, de acordo coa natureza dos postos convocados.

Posteriormente, lle foi remitida unha notificación da secretaria xeral técnica e do patrimonio, do 09.09.2019, na que se lle informaba da apertura do trámite de audiencia aos demais interesados no procedemento e da suspensión do procedemento.

Por oficio do 23 de novembro de 2019 se lle da traslado da Resolución da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio pola que estima parcialmente a súa solicitude de acceso á información pública, aínda que, respecto das persoas que participaron nos procesos de selección, unicamente se proporciona acceso á documentación daquelas que consentiron expresamente o acceso aos seus datos.

O interesado considera que as actuacións realizadas pola Consellería de Facenda lle impiden dun modo inxusto, poder comprobar se no dito proceso selectivo se respectou o seu dereito de acceso en condicións de igualdade a funcións e cargos públicos, e o colocan nunha situación de indefensión.

O interesado no seu escrito de reclamación, solicita o seguinte:

- 1) Que se lle permita o acceso a información solicitada.
- 2) Que se inste aos responsables da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia a que proceda á publicación dos criterios empregados para valorar os méritos achegados polas distintas persoas que presentaron a súa candidatura ás prazas do Tribunal, así

- como dos méritos específicos que se lle tiveron en conta ás persoas que finalmente foron seleccionadas.
- 3) Que se lle facilite o acceso á documentación administrativa elaborada no procedemento da súa solicitude de acceso á información pública, singularmente a relativa ao trámite de audiencia
  - 4) Que na resolución que se dite por parte da Comisión da Transparencia se resolvan as cuestións propostas na súa reclamación, singularmente as relativas si durante o trámite de audiencia arbitrado no marco do procedemento sobre o que se reclama se respectaron os seus dereitos en materia de protección de datos persoais, adecuación e legalidade do trámite de audiencia instrumentado polos responsables da Consellería de Facenda, obriga ou posibilidade de abstención da persoa titular da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio á que se fai referencia no fundamento sétimo desta reclamación.
  - 5) Que se se comprobe se por parte dos responsables da Consellería de Facenda e da Secretaría Xeral e do Patrimonio se está a instrumentar de igual modo o trámite de audiencia noutros expedientes en materia de solicitude de acceso á información pública.
  - 6) Que se valore, así mesmo, a posibilidade de que por parte desa institución se formule unha recomendación ou se emita un informe sobre os extremos indicados, toda vez que iso podería favorecer a transparencia e a obxectividade nas actuacións das administracións públicas, en xeral, e na súa relación cos cidadáns en particular.
  - 7) Que por parte do Valedor do Pobo, ao abeiro do establecido no apartado 1 do artigo 16 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo de Galicia, se realicen de oficio as actuacións necesarias para determinar se os procedementos e actuacións aos que se fai referencia na presente reclamación se axustaron á legalidade vixente no momento da súa tramitación e resolución.
  - 8) Que se requira á Consellería de Facenda información sobre o motivo polo que na sede electrónica da Xunta de Galicia non é posible acceder ás notificacións e resolucións da Consellería de Facenda nas que se lle deu conta da suspensión do procedemento e da resolución autorizando o acceso parcial á información solicitada, de porque non se lle deu traslado, a través do correo electrónico, da notificación da suspensión do procedemento e da resolución sobre a solicitude, ademais de por correo postal, tal e como se solicitaba.
  - 9) Que por parte desa institución se tome en consideración a necesidade e a posibilidade de ditar algún tipo de recomendación, ou de elaborar algún informe, nos que se trate a problemática á que se refire esta reclamación referente á transparencia dos procesos selectivos, así como a necesidade de motivar adecuadamente ás resolucións que no dito ámbito se adopten. , de modo que se respecten os principios básicos recollidos na

normativa de aplicación aos procedementos de selección de persoal aos que, con carácter xeral, débense de axustar as Administracións Públicas.

O escrito viña acompañado de copia do DNI do reclamante.

**Segundo.** Con data 28 de novembro de 2019 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 4 de decembro de 2019.

**Terceiro.** Con data 19 de decembro de 2019 a Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe, en resumo, indícase que a resolución do 22 de outubro de 2019, recoñece xa o acceso ao expediente na súa integridade e nos termos máis amplos solicitados, co único límite do acceso aos currículos daqueles participantes que non consentiron expresamente o acceso, por resultar o referido límite da propia doutrina das Comisións de Transparencia.

Considera que a resolución que se dite pola Comisión da Transparencia de Galicia debe limitarse a resolver sobre se resulta conforme a dereito e á normativa de transparencia, conceder acceso aos currículos dos participantes que non consentiron expresamente o acceso, que é o único condicionante que estableceu a resolución recorrida e non as pretensións ex novo introducidas na reclamación e que non gardan ningunha relación coa pretensión orixinaria de acceso. Faise constar, mediante certificado, que transcorrido o prazo concedido, non consta que o reclamante accedese ao expediente.

Considera que o interesado no seu escrito de recurso, altera claramente a súa pretensión, transformando o que era unha mera solicitude de acceso a un expediente, nunha serie indiscriminada de reproches e peticións que nada teñen que ver coa solicitude orixinaria.

Considera o información da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio que calquera consideración contida na reclamación referente a cuestións de legalidade ou falla de motivación do procedemento ao que se retire a solicitude de información ou calquera outro aspecto alleo á propia solicitude de información e transparencia, escapan do coñecemento de Comisión.

Os nomeamentos publicáronse no DOG de 21 de febreiro de 2018, e a solicitude de acceso á información formulouse o 12 de agosto de 2019, é dicir, un ano e medio despois da publicación, converténdose en actos administrativos firmes e consentidos para o agora solicitante desde o 22 de abril de 2018, polo que a falla de congruencia das pretensións formuladas en vía de recurso, coa falta de impugnacións das resolucións polas que se

procedeu ao nomeamentos do Presidente e Vocais do [REDACTED], e o feito de que o propio solicitante rehusase ata o momento a acceder ao expediente, semella que máis que un estrito recurso contra a resolución da secretaría xeral, o solicitante pretende reabrir un debate xa fenecido sobre uns nomeamentos que non foron cuestionados en vía xurisdiccional por ningún dos participantes no procedemento de selección.

As bases da convocatoria esixían que os candidatos debían presentar o seu currículo, que contén datos de carácter persoal, polo que procedeuse a dar trámite de alegacións a todos os participantes.

Considera o informe da Secretaria que de acordo coa doutrina dos distintos órganos de control en materia de Transparencia, a resolución é axustada a dereito por canto denegou o acceso aos currículos dos candidatos/as non seleccionados e que non deron o seu consentimento, e deu acceso ao resto da información solicitada, incluíndo a documentación presentada polos candidatos finalmente seleccionados.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

### Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa

tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### **Terceiro. Dereito de acceso á información pública**

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

### **Cuarto. Prazo para a interposición do recurso**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñeráse no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consello de Transparencia e Bo Goberno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

Dado que segundo consta no expediente remitido, a notificación da resolución impugnada ten data de saída do Rexistro Xeral da Xunta de Galicia do 24 de outubro de 2019 e a reclamación tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo o 21 de novembro, debe admitirse a mesma por estar dentro do prazo establecido polo artigo 27.3 da Lei 1/2016.

#### **Quinto.- Análise do expediente**

Dado o extenso escrito de reclamación presentado polo interesado e o número de peticións de distinta índole que contén, unhas relacionadas coa súa solicitude de acceso á información, que se concreta no acceso a determinados expedientes administrativos de cobertura de postos no Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, e outras cuestións relativas á tramitación administrativa e resolución dos ditos expedientes, e cuestións referentes á tramitación da súa solicitude de acceso á información, débese tratar as mesmas por separado.

##### **(1). Tramitación do expediente de acceso á información**

O obxecto da solicitude de acceso á información presentada polo interesado, tal e como figura na copia do expediente remitido e tal e como sinala o informe da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio, é o acceso á totalidade da documentación relacionada coa tramitación da Orde do 17 de novembro de 2017, pola que se convoca o proceso para seleccionar o/a presidente/a do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia e pola Orde da mesma data, pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, de dous postos de traballo vacantes no dito Tribunal. O interesado concreta que a súa solicitude refírese aos expedientes administrativos completos, correspondentes ao inicio, tramitación e posterior resolución das ditas convocatorias.

Na tramitación do expediente de acceso á información, tal e como consta no informe da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio e na copia do expediente remitido, ao referirse a solicitude de acceso a información que afecta a dereitos e intereses de terceiros (as persoas participantes no procedemento de provisión dos postos convocados), abriuse o



correspondente período de audiencia para que puideran efectuar alegacións, de conformidade co disposto no artigo 27.2 da Lei 1/2016, con suspensión do prazo para resolver.

Finalizado o dito trámite, ditase a resolución agora recorrida, na que se estima parcialmente a solicitude, proporcionando acceso aos documentos que forman parte do expediente e unicamente limitándoo no referente á documentación de aquelas persoas participantes no proceso que non consentiron expresamente o acceso do solicitante aos seus datos, entre as que non se atopaban as persoas seleccionadas.

O acceso á información pública está configurado na Lei como un dereito de amplo ámbito obxectivo e subxectivo e, especialmente, o concepto de información pública e, por tanto o posible obxecto dunha solicitude de información que a Lei consagra é todo contido ou documento que obre en poder dun organismo suxeito á norma que fose obtido ou elaborado no exercicio das súas funcións, pero non debe esquecerse que o dereito de acceso pode restrinxirse se concorre algún dos límites previstos nos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013.

O acceso solicitado polo interesado, correspondente a un procedemento de concorrencia competitiva, supón a divulgación de datos académicos e profesionais dos participantes no mesmo, polo que para resolver sobre o seu acceso, debe atenderse á ponderación prevista no artigo 15.3 da Lei 19/2013 entre o interese público na divulgación da información e os dereitos dos afectados cuxos datos aparezan na información solicitada, en particular, o seu dereito fundamental á protección de datos de carácter persoal.

Para a realización da citada ponderación, debe tomarse en consideración os criterios establecidos no citado artigo, entre os que son de aplicación ao presente caso a xustificación polo solicitante da súa petición no exercicio dun dereito, e a maior garantía dos dereitos dos afectados no caso de que os datos contidos no documento poidan afectar á súa intimidade ou á súa seguridade.

Neste suposto, de acordo coas interpretacións efectuadas polo Consejo de Transparencia de Aragón (6/2018), e na liña das resolucións citadas no informe da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio (resolución 66/2016, de 27 de xullo, do Consello de Transparencia e Protección de Datos de Andalucía, resolución R/0437/2016, de 11 de xaneiro de 2017 do Consejo de Transparencia y Buen Gobierno ou Resolución 16/2017, do 27 de xullo de 2017, do Consejo de Transparencia de Aragón), pódese concluír que a Administración debe proporcionar aos interesados, solicitantes do acceso, aquela información relevante do proceso selectivo que lles permita comprobar a imparcialidade do procedemento no que concorren, incluídos os datos de carácter persoal de terceiros tamén participantes no mesmo proceso selectivo cos que os solicitantes compiten polas mesmas prazas.

É evidente que a condición de interesado non é relevante para o exercicio do dereito de acceso, pero si para a adecuada aplicación do disposto no artigo 15.3 da Lei 19/2013 respecto

a ponderación entre o interese público e a protección dos datos de carácter persoal. No caso de que o dereito de acceso sexa exercitado por quen participa nun proceso selectivo, debe apreciarse un evidente interese na divulgación daquela información que permite a comparación cos seleccionados, co fin de verificar a obxectividade e imparcialidade do proceso. Este interese non se aprecia en quen non é candidato no proceso, nese caso debe prevalecer o dereito á protección dos datos de carácter persoal dos participantes nun proceso selectivo.

No presente caso, a resolución impugnada concede o acceso (aínda que o reclamante non fixo uso do dereito concedido na resolución de acceder ao expediente que se lle puxo a súa disposición) da documentación referente aos participantes que consentiron expresamente que o acceso aos seus datos, entre os que se atopaban os seleccionados.

A documentación presentada polas persoas seleccionadas para ocupar os postos, poden ser un elemento idóneo, necesario e proporcionado para o control de que o procedemento se desenvolveu de acordo coa normativa que rexe a convocatoria, non sendo relevante a este fin, dar acceso á documentación presentada polas persoas non seleccionadas e que non deron o seu consentimento para o acceso aos seus datos. Non pode por tanto apreciarse interese público na divulgación dos datos aportados no procedemento de selección e referentes á súa formación, carreira profesional ou calquera outro mérito alegado, das persoas candidatas que non fosen seleccionadas, debido a que non proporcionan elemento comparativo algún, xa que non se atopan nunha situación de vantaxe respecto de quen solicita a información.

De acordo co anterior e en relación coa documentación presentada polas persoas non seleccionadas e que non deron o seu consentimento expreso, a ponderación debe resolverse a favor do dereito á protección dos datos persoais, xa que se trata de datos que non son proporcionados para a finalidade de control da discrecionalidade da Administración e da transparencia dos procesos de provisión, sendo o relevante neste caso para este control, a comprobación que as persoas seleccionadas para os postos convocados son as que reúnen os maiores méritos e capacidades de todos os presentados, información á que si que se lle deu acceso ao reclamante, aínda que non fixo uso do mesmo.

Por tanto, considérase que a resolución impugnada é conforme coa normativa en materia de Transparencia, polo que procede a desestimación da reclamación presentada, por considerar que a Administración actuou na solicitude de acceso á información, de acordo coa normativa que lle é de aplicación.

## **(2). Publicación dos criterios de valoración dos méritos presentados polas persoas solicitantes**

O interesado solicita que se inste aos responsables da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia a que procedan á publicación dos criterios empregados para valorar os méritos

achegados polas distintas persoas que presentaron a súa candidatura ás prazas do Tribunal, así como dos méritos específicos que se lle tiveron en conta ás persoas que finalmente foron seleccionadas.

As reclamación en materia de transparencia presentadas ante esta Comisión, teñen por finalidade a impugnación das resolucións expresas ou presuntas en materia de acceso á información, tendo a dita Comisión a competencia para a resolución das mesmas de acordo coa normativa vixente en materia de Transparencia, e polo procedemento administrativo establecido en materia de recursos. Non pode por tanto admitirse como obxecto dunha reclamación en materia de acceso á información, a petición de que se inste a unha Administración a realizar unha determinada publicidade dun expediente administrativo, por carecer esta Comisión de competencias para iso.

### **(3).Solicitude de acceso á documentación administrativa elaborada no marco do procedemento de solicitude de información pública**

O interesado solicita que se lle facilite o acceso á documentación administrativa elaborada no marco do procedemento de solicitude de información pública do que esta reclamación trae a súa causa.

O expediente de solicitude de acceso á información iniciado e finalizado a instancia do interesado, é un expediente distinto do expediente de solicitude de acceso aos expedientes administrativos correspondentes ao inicio, tramitación e posterior resolución das Ordes do 17 de novembro de 2017, polo que non procede na fase de reclamación, solicitar acceso a documentación correspondente ao expediente de acceso á información, debendo o interesado, se así o considera oportuno, iniciar un novo expediente de solicitude de acceso ao seu propio expediente de solicitude de acceso á información.

### **(4).Dereitos do reclamante en materia de protección de datos persoais.**

O interesado solicita que na resolución que dite a Comisión da Transparencia se resolvan as cuestións referentes a se durante o trámite de audiencia se respectaron os dereitos do reclamante en materia de protección de datos persoais.

A Comisión da Transparencia de Galicia carece de competencias para fiscalizar a actuación referente a protección de datos de carácter persoal de expedientes tramitados pola Administración Autonómica, polo que non procede pronunciarse sobre esta cuestión.

**(5).Adecuación e legalidade do trámite de audiencia instrumentado polos responsables da Consellería de Facenda.**

Considérase que o trámite de audiencia ás persoas solicitantes para que puideran efectuar alegacións, é conforme ao establecido no artigo 27.2 da Lei 1/2016, ao referirse a solicitude a información que afecta a intereses e dereitos de terceiros.

**(6).Obriga ou posibilidade de abstención da persoa titular da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio de resolver a solicitude de acceso.**

Non procede que a Comisión da Transparencia de Galicia se pronuncia sobre esta cuestión, por carecer de competencias para iso.

**(7).Comprobación de si por parte dos responsables da Consellería de Facenda e da Secretaría Xeral e do Patrimonio se está a instrumentar de igual modo o trámite de audiencia, noutros expedientes en materia de solicitude de acceso á información pública.**

A Comisión da Transparencia de Galicia carece de competencias para a fiscalización da tramitación dos procedementos administrativos de acceso á información con carácter xeral. Como se establece no punto (1), considerándose que no presente expediente, o trámite de audiencia é conforme co establecido na normativa en materia de Transparencia.

Respecto das demais cuestións postas de manifesto polo interesado no seu escrito de reclamación, non procede o pronunciamento da Comisión da Transparencia, por carecer de competencias para realizar as actuacións propostas.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

**ACORDA**

**Único:** Desestimar a reclamación presentada por ██████████ con data 21 de novembro de 2019, contra a Resolución da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda do 22 de outubro de 2019, pola que se estima parcialmente a súa solicitude de acceso aos expedientes administrativos correspondentes ao inicio, tramitación e posterior resolución da Orde do 17 de novembro de 2017, pola que se anuncia a convocatoria para provisión, polo sistema de libre designación, de dous postos de traballo vacantes no Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde da mesma data, pola que se convoca o proceso para seleccionar o/a presidente/a do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses,

contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2020

76706870F MARIA DOLORES FERNANDEZ  
(R: S6500009C)

Firmado digitalmente por  
76706870F MARIA DOLORES  
FERNANDEZ (R: S6500009C)  
Fecha: 2020.01.30 17:22:48  
+01'00'

María Dolores Fernández Galiño  
**Presidenta da Comisión da Transparencia.**